

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 13 de setembro de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se resolve a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2007-2008, en determinadas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño.*

Pola Resolución do 26 de maio de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ditáronse normas para a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2007-2008, entre profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Resoltas as reclamacións producidas á resolución provisional de determinadas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, esta secretaría xeral

#### RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicarlle destino provisional para o curso académico 2007-2008 aos profesores que figuran no anexo desta resolución nos centros e especialidades que alí se especifican.

Segundo.-Facer públicas as comisións de servizo e os desprazamentos por falta de horario nas especialidades relativas a materias comúns.

Terceiro.-A toma de posesión será con efectividade do 19 de setembro de 2007, agás os profesores de escolas oficiais de idiomas e os profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que será do 28 de setembro de 2007.

Cuarto.-Sen prexuízo do previsto no punto anterior, no caso dos profesores interinos que teñen nomeamento durante o curso académico 2006-2007, a toma de posesión terá efectos económicos e administrativos do día inmediatamente posterior ao do seu cesamento.

Quinto.-Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2007.

Benito Fernández Rodríguez  
Secretario xeral da Consellería de Educación  
e Ordenación Universitaria

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Anuncio do 3 de setembro de 2007, da Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela, polo que se lle dá publicidade á resolución da mesma data, pola que se convoca para a provisión, polo sistema de concurso de méritos, unha praza vacante de xefatura de grupo, que se cubrirá por persoal de xestión e servizos.*

De conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, así como na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño) pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión de postos de persoal de xestión e servizos e demais lexislación concordante e en exercicio das atribucións que teño conferidas polo artigo 3 da devandita orde e o artigo 5.1º j) da Orde do 8 de maio de 2006 (DOG nº 99, do 25 de maio), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

#### DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de concurso de méritos, un posto vacante de xefe de grupo de persoal de xestión e servizos que se relaciona no anexo deste anuncio.

Segundo.-Poderá concorrer a ela todo o persoal estatutario de xestión e servizos, con vínculo de fixeza e situación de servizo activo nalgunha das categorías que aparecen reflectidas no anexo deste anuncio.

Terceiro.-A resolución da convocatoria coas súas bases estará exposta na mesma data de publicación deste anuncio no DOG, no taboleiro de anuncios da Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Catro.-As instancias dirixíranse á Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela (praza Martín Herrera, 2-15706 Santiago de Compostela) e poderán presentarse no seu rexistro ou mediante calquera das formas establecidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. O prazo para a presentación das instancias será de 15 días hábiles e comenará a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2007.

Ana Castaño Carou  
Directora xerente de Atención Primaria  
de Santiago de Compostela